

EDITORIAL

Publicamos neste número unha selección de traballos enviados dende o *IV Simposio de Desarrollo Rural y Cooperativismo* celebrado na Universidad Central “Marta Abreu” de Las Villas (Cuba) os días 12-13 de decembro de 1999.

Está xa convocado o *V Simposio de Desarrollo Rural y Cooperativismo. Universidad Central “Marta Abreu” de Las Villas. Cuba. 14-16.VI.2001.* (Correos: economia@uclv.etecsa.cu e mais_glezgallo@uclv.etecsa.cu) Fax 53-422-81272.

* * *

Saudamos o novo modelo socialista cooperativo en Cuba. Cómprendos aínda valorar ben os resultados dende o punto de vista económico e social; gostaríamos de ve-lo cooperativismo tamén, non só na agricultura e no mundo rural, senón tamén na industria, nos servizos, na vivenda, nos usuarios e nos consumidores... pero moito nos aleda saber que está aberto un camiño que pode chegar a ser importante para o mundo cooperativo e autosexionario.

Pensamos que no socialismo, tal como se construiu ata agora, tampouco se deu neutralizado ben a acción da *lei de ferro das oligarquías* no interior das organizacións; non se acabou de deseñar ben e poñer en práctica a empresa socialista que xere, na súa práctica empresarial/organizacional, un estilo relacional socialista. Por fin, tampouco desenvolveu un grao minimamente axeitado de diversidade social, de pluralidade de rotinas, de organizacións, de tipos... económicos, empresariais...

Como estas leis operan na realidade con bastante independencia da vontade dos homes, cómpre facer algo máis ca identifica-las súas manifestacións

alí onde aparecen, coñece-lo seu proceso de xénese e de dinámica organizacional: tamén hai que construí-las institucións sociais que preserven e prote-xan de forma práctica e eficaz desas ameazas de desvío das organizacións respecto da súa misión expresa, especialmente unha lei que confronte o fenómeno e a constitución de “xuíces independentes” (terceiros alleos ó interior da organización a quen se lles encomenden certas funcións de pronunciarse sobre o mantemento / desvío da misión da organización).

¿É a cooperativa autoxestionaria un tipo de empresa consistente co socialismo? Pensamos que si; pero haberá que experimentar moito aínda: foron poucas as veces nas que tiveron un contorno favorable. O actual compromiso cubano coas cooperativas autoxestionarias abre unha esperanza máis.

En canto ó grao axeitado de diversidade social non nos atrevemos aquí a adiantar bosquexos de cómo se pode abordar, aínda que a resolución dos dous problemas anteriores axudaría moito na resolución da cuestión. Fagamos observar que hai un grao “máximo” de heteroxeneidade que ó ser superado destrúe a unidade e cohesión do grupo; pero tamén hai un grao “máximo” de homoxeneidade que impide ó grupo tanto a adaptación ó cambio como o anovamento, o aproveitamento de oportunidades e a complementación. A heteroxeneidade é conflictiva, pero temos tamén que dotarnos de técnicas que nos permitan xestionar-lo conflito.

Se deramos resolvido estes 3 problemas, teríamos prendido outro facho no mundo que axudaría moito a recupera-lo entusiasmo latente por unha sociedade democrática e xusta.

* * *

Este volume de *Cooperativismo e Economía Social*, 21-22, correspondente a xaneiro-xuño e xullo-décembro de 2000, xunta nun só volume anual os dous números semestrais. Estamos pendentes dunha reestructuración da publicación, que faremos para o ano próximo, onde se decidirá o futuro da publicación.

* * *

Tamén nos decidimos a publicar os máis dos artigos deste número en castelán, xa que tanto polos seus autores como polo seu contido (o simposio cubano, etc) así nolo recomendaron.